



A Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística desexa facer público o seu fondo pesar polo pasamento de don Isaac Díaz Pardo, un dos máis dignos e senlleiros representantes do galeguismo político e cultural do século XX, e unha das persoas máis decisivas no desenvolvemento dun proxecto colectivo denominado Galicia.

Desde o ámbito do ensino, gustaríanos destacar o firme compromiso de Isaac Díaz Pardo coa promoción pública da lingua galega, sempre desde unha actitude cordial e integradora, mais tamén firme na necesaria dignificación do noso idioma, co seu uso constante non só no ámbito artístico, senón tamén en proxectos decisivos de carácter empresarial, como o Laboratorio de Formas, a Cerámica de Sargadelos ou Edicións do Castro, entre outros moitos.

Así mesmo, gardaremos sempre unha lembranza emocionada da súa xenerosidade coa Coordinadora, pois foi el quen nos acolleu na sede do IGI-Sargadelos para a nosa reunión fundacional, dando mostras, unha vez máis, do seu afecto e solidariedade con aquelas iniciativas que tratan de manter viva a causa do idioma sen límites nin complexos.

Beizóns sempre para aqueles que nos amosan o camiño da coherencia e a dignidade.